

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO XVII CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA 2020” DO CONCELLO DE LALÍN

O Concello de Lalín, con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, organiza o **XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2020**, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de setembro de 2020.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no artigo 1 do Título preliminar, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. E no artigo 4, considera a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Nesta actuación reconécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

Igualdade

O Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na disposición final primeira modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e xustifica como competencia propia municipal, engadindo o parágrafo o) ao apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte redacción:«o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.»

A Concellería de Igualdade do Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuír á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes. Entre as accións tendentes á consecución do dito fin está a realización, ao longo de todo o ano, de actividades de sensibilización, información e formación sobre a violencia de xénero, cunha finalidade común, visibilizar, previr e tratar de dar resposta a este problema.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, organiza o **XVII concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2020**, coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións, física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma nos efectos e consecuencias da mesma, de acordo coas seguintes:

BASES

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Lalín organiza o **XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata 2020”**

As presentes bases teñen por obxecto a concesión de premios do **XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”**, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma os efectos e consecuencias da mesma.

Igualdade

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada participante poderá enviar un máximo de tres cartas.
2. As cartas deberán ser remitidas xunto coa ficha de inscrición ao **Rexistro Xeral do Concello de Lalín** (Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín - Pontevedra) dentro dun sobre pechado, no que figurará XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”, tamén poderán enviarse por correo electrónico a igualdade@lalin.gal, nun arquivo a carta e noutro a ficha de inscrición, indicando no asunto XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”.
3. A temática á que deben axustarse os traballos é **a violencia de xénero**.
4. Os traballos presentaranse en galego ou castelán e terán unha extensión máxima de dous folios, escritos por unha soa cara a dobre espazo, preferiblemente en letra Arial, tamaño 12 e formato DIN A4.
5. Todos os traballos que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e non presentados en anteriores concursos.
6. Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos), expresión e presentación en xeral (ata 3 puntos).
7. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO. O prazo para a presentación das cartas empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará **o xoves 5 de novembro**. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal
8. A organización do concurso procederá á preselección de vinte cartas. Os orixinais quedarán en poder da Oficina de Igualdade, que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón..., ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.
9. Das vinte cartas preseleccionadas, un xurado composto por concelleiros e concelleiras de diferentes áreas municipais, por representantes dos grupos da oposición e por persoal técnico con experiencia en violencia de xénero, presidido pola Concelleira de Igualdade, ou persoa en quen delegue e cuxa secretaría será desempeñada pola axente de igualdade, valorará entre 1 e 10 puntos cada unha das cartas atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 6. Entre as mellor

Igualdade

puntuadas decidirá cales son as tres gañadoras.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal

A composición do xurado será a seguinte, ou persoas en quen deleguen:

Presidencia: Concelleira delegada de Igualdade.

Vogais:

- Concelleira delegada de Política Social
- Concelleiro delegado de Xuventude.
- Concelleira/o do PSOE.
- Asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres.
- Axente de Igualdade.
- Técnica/o do gabinete de prensa.

Secretaría: Axente de Igualdade.

10. Os premios outorgaranse en especie e consistirán nun **diploma acreditativo** e os seguintes premios:

1º premio: Tablet Android 10,1" 32GB valorada en 152,81 €

2º premio: Tablet Android 7" 8GB valorada en 72,81 €

3º premio: Lector de libros multimedia 7"4GB valorado en 71,81 €

O importe total dos premios será de 297,43 € con cargo á aplicación orzamentaria 2020/0/2312/48100

Os premios entregaranse en acto público ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras, que serán avisadas con antelación. Os premios poderán ser declarados desertos e o fallo do xurado será inapelable.

11. As cartas gañadoras poderán divulgarse a través dos medios de comunicación e redes sociais.

12. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido das súas cartas en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes. Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

13. As persoas premiadas deberán acompañar **declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de**

Igualdade

novembro, Xeral de Subvencións. Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

14. A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

FICHA DE INSCRIPCIÓN NO XVII CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA 2020”

Nome:

Apelidos:

DNI:

Idade:

Enderezo:

Poboación:

C.P.:

Telf.:

Correo electrónico:


Centro de traballo ou estudos:

Pola presente declaro a autoría das obras presentadas ao concurso e a posesión dos seus dereitos de autoría. Autorizo á Oficina de Igualdade do Concello de Lalín para a súa libre exposición, reprodución e publicación en actividades sen ánimo de lucro. Coa miña participación acepto as bases do concurso.

Firma:

Data:

Desexo que a autoría da miña carta quede no anonimato empregando o pseudónimo.....



Lalín Muncero

Igualdade



Concello de Lalín

OFICINA DE IGUALDADE

Praza de Galicia, 1
36500 Lalín (Pontevedra)
986 78 70 60
igualdade@lalin.gal

Lalín, 15 de setembro de 2020. A Concelleira Delegada de Igualdade. Begoña Blanco Blanco

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE